



Visto o expediente 224/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Expediente: 224/2026

Interesado: - - - - -

Organismo: Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Único. O 16.4.2026 - - - - - interpuxo unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia contra a falta de contestación, por parte do Concello de Vigo, da súa solicitude do 6.2.2026, en virtude da cal pedía a remisión dun certificado da non inclusión como vial público, dentro do Inventario Municipal de Viais, Bens e Dereitos do Concello de Vigo, do espazo que linda cunha parcela catastral sita no Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - - - .

Segundo. Análise do expediente

Segundo o previsto no artigo 33.3 da LTGB, a Comisión de Transparencia de Galicia é o órgano independente ao que lle corresponde a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública ás que se refire o artigo 28 da lei.

Tal e como se desprende da reclamación presentada o 16.4.2026, a persoa interesada non pretende recorrer unha resolución en materia de acceso á información pública, senón denunciar a falta de contestación por parte do Concello de Vigo da súa solicitude de expedición dunha certificación negativa, relativa á non inclusión dun espazo no Inventario Municipal de Viais, Bens e Dereitos.



A pretensión da persoa interesada, polo tanto, non ten por obxecto o acceso á información pública, nin tampouco a anulación dunha resolución do Concello de Vigo en materia de acceso á información pública.

E, por este motivo, a Comisión da Transparencia carece de competencia para coñecer da reclamación presentada.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Inadmitir, por mor da falta de competencia desta Comisión, a reclamación presentada o 16.4.2026 por - - - - - .

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - - - , na data da sinatura.

- - - - -

Presidente da Comisión da Transparencia